

## COMPLEXO XUVENIL AS MARIÑAS GANDARÍO (BERGONDO)/COMPLEXO RESIDENCIAL XUVENIL LUG II LUGO

### DATOS XERAIS:

- **C.X. AS MARIÑAS GANDARÍO** Recinto de 50.000 m. cadrados situado á beira da praia de Gandarío, con instalacións deportivas, laboratorio de aula-mariña, salón de xogos, museos de bioloxía mariña e de arte xove, salas de xuntanzas, zona de acampada con servizos, cuartos colectivos de 6-8 camas e cafetería.
- **C.R.X. LUG II LUGO** Albergue situado no centro da cidade. Dispón de habitacións individuais, de dúas e tres prazas, con capacidade para 75 persoas; salón de actos; sala de televisión; salas multimedia, sala de xogos con billar, mesa de ping pong e fútbol; zona axardinada e wifi.

**ACCESOS:** Avión aeroportos de Lavacolla (Santiago de Compostela), Alvedro (A Coruña) e Peinador (Vigo).

- **C.X. AS MARIÑAS GANDARÍO** A 2 km de Sada, na estrada de Betanzos. Autobuses desde A Coruña a todas as horas.
- **C.R.X. LUG II** tren e autobuses á cidade de Lugo.

### ENDEREZOS:

COMPLEXO XUVENIL DAS MARIÑAS-GANDARÍO  
CORNIDE 20. 15167 BERGONDO (A CORUÑA)  
Tfno.: 981 794116

COMPLEXO RESIDENCIAL XUVENIL LUG II  
Rúa pintor corredoira, 4. 27002 LUGO  
Tfno.: 982 220450

QUENDA	IDADE	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES
1-12 xullo	14-17	<p>Programa rotatorio de convivencia entre participantes galegos e doutras comunidades, coa finalidade de dar a coñecer a realidade galega de xeito lúdico a través de experiencias nas que sexan protagonistas.</p> <p>Inclúe unha estancia de seis días no Albergue Xuvenil de Gandarío (días 1 ao 6 de xullo) e outros seis días no Complexo Residencial Xuvenil LUG II de Lugo (días 7 ao 12 de xullo).</p> <p><b>ACTIVIDADES XERAIS:</b></p> <p>Días 1º a 6º da quenda. Coñecemento do medio mariño a través de actividades relacionadas co mar</p> <p>Días 7º a 12º da quenda. Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Lugo e percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Camiño Francés).</p>

**\*Na metade da quenda o campamento cambiará de instalación, do Albergue Xuvenil de Gandarío pasarán ao Complexo Residencial Xuvenil LUG II de Lugo.**

**\*Na páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net) atópase toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación...**

**\*A páxina web [www.xacobeo.es](http://www.xacobeo.es) é a páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos.**

**\*A páxina web [www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es) é o portal de información turística de Galicia.**

### NORMAS XERAIS:

- Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
- Ningún participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dun adulto autorizado (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**), no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**) e do autorizado así como o impreso de autorización que lles será facilitado polos monitores o día da recepción.  
**Prégase non facer visitas de non ser necesario**, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
- Poderase contactar co equipo de monitores **do día 1 ao 6** no teléfono **981 794116** e **do día 7 ao 12** no teléfono **982 220450 de 15.00 a 16.00 horas**. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Os participantes poderán chamar por teléfono no tempo libre de **15.00 a 16.00 horas e de 21.00 a 22.00 horas**. Os centros contan con cabina telefónica.
- Os centros teñen atención sanitaria. Os participantes deberán levar **as tarxetas sanitarias orixinais**. O día da incorporación débese comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos en caso de tratamento específico que estean a tomar, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
- Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Organizarase un "banco" onde os participantes poidan depositar os seus cartos e tamén os teléfonos.
- Aconséllase levar a roupa marcada coas iniciais.
- Na páxina Web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net) no apartado de anexos, descargárase a **autorización de fotografías** que se entregará cuberta o día da incorporación.